



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA SEGURIDADE VIARIA PARA CICLISTAS

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

### REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestructuras, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras.

Doutra parte, Juan Carlos Muñiz Nieto, presidente da Federación Galega de Ciclismo, facultado para a formalización deste convenio en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 17 dos seus estatutos.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

### EXPOÑEN

**Primeiro.** A Axencia Galega de Infraestructuras ten entre os seus obxectivos o impulso, a coordinación e a xestión da política autonómica en materia de estradas. Para tales efectos, e de acordo co artigo 7.1.p) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras, entre as súas funcións e competencias está o impulso, promoción e coordinación das estratexias de seguridade viaria.

**Segundo.** O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2010 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, contemplando entre as súas accións a mellora da seguridade viaria dos usuarios



máis vulnerables, entre eles os ciclistas. E como obxectivo estratéxico 4 conseguir uns usuarios máis seguros no seu tránsito polas estradas, o que abrangue a súa sensibilización e educación en seguridade viaria.

**Terceiro.** A Federación Galega de Ciclismo ten coma fins a dirección, defensa e promoción do ciclismo en tódalas súas formas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e entre as súas funcións establécese a de colaborar coas administracións públicas e coa Real Federación Española de Ciclismo, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción do ciclismo.

**Cuarto.** A Federación Galega de Ciclismo conta cunha grande capacidade de interlocución e difusión no colectivo ciclista galego, e máis directamente cos 262 clubs ciclistas de Galicia e cos 7.000 ciclistas federados a día de hoxe .

**Quinto.** En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Federación Galega de Ciclismo. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Federación Galega de Ciclismo para o desenvolvemento de actuacións de fomento da seguridade viaria para ciclistas, con especial incidencia na mellora da súa visibilidade no seu tránsito polas estradas.



## **SEGUNDA. COMPROMISOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO**

A Federación Galega de la Ciclismo comprométese ao reparto dos chalecos con elementos reflectores entre os/as ciclistas. Os chalecos terán as características descritas no anexo deste convenio, e levarán impreso o logo da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no manual de identidade corporativa.

A Federación publicitará esta iniciativa na súa páxina web, de modo que se acade a máxima difusión posible.

## **TERCEIRA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA**

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestructuras, asume o compromiso de adquirir os chalecos reflectores que serán distribuídos pola Federación Galega de Ciclismo, destinando para iso ata un máximo de **NOVE MIL EUROS (9.000,00 €)**, IVE incluído, con cargo aos orzamentos do ano 2017, aplicación 07.A1.512B.640.1, código de proxecto 2013-00003.

## **CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Axencia Galega de Infraestructuras e un representante da Federación Galega de Ciclismo. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para o seu desenvolvemento.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puidieran xurdir na aplicación do convenio.



Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

## **QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO**

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido no presente convenio e, supletoriamente, polos principios do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, consonte o establecido no artigo 4.2 da antedita lei e a Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

## **SEXTA.-MODIFICACIÓNS DO CONVENIO**

As modificacións formalizaranse mediante "addenda", cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

## **SETIMA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS**

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancia, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola presidenta da Axencia Galega de Infraestructuras, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción deste convenio:

- non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquél que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou



impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de resolución do convenio.

### **OITAVA. PUBLICIDADE**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e maillo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). A Axencia Galega de Infraestructuras publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da achega.

### **NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO**

Este convenio terá efecto dende a súa sinatura ata o 31.12.2017.

En proba de conformidade asinan por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento

A presidenta da Axencia Galega de  
Infraestructuras



Ethel Ma Vázquez Mourelle

O presidente da Federación Galega de  
Ciclismo




Juan Carlos Muñoz Nieto



## ANEXO: CARACTERÍSTICAS DOS CHALECOS A SUBMINISTRAR


As especificacións técnicas e as características dos chalecos a subministrar serán como mínimo as que se relacionan a continuación:

- **Denominación:** Chaleco de alta visibilidade para ciclistas
- **Composición:** tecido Coolmax, 80% windstopper, con axustes en poliéster soft.
- **Deseño:**
  - Dúas bandas reflectantes paralelas en vertical cosidas cun ancho mínimo de cada banda de 5 cm na parte dianteira. Elementos reflectantes na parte traseira do chaleco xunto cos elementos reflectantes das iconas que representen a separación obrigatoria de 1,5 metros entre o vehículo e o ciclista e xunto co texto "RESPECTE O CICLISTA".
  - "Grip" en cintura.
  - Cremalleira completa frontal.
  - Chaleco de cor amarelo fluorescente.
  - Tres petos traseiros.
  - Serigrafiado a unha soa tinta (negra) dos anagramas da Xunta de Galicia e da FGC situados nos petos traseiros esquerdo e dereito respectivamente. O peito traseiro central terá serigrafiado o texto "#EuFagomeVer":



*Nota: o arquivo do anagrama da Xunta de Galicia atópase en "<http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/introduccion>"*

- **Deseño conxunto da parte frontal e dorsal do chaleco:**





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
Telf.: 981 544 564  
Fax.: 981 544 543  
Correo-e: [civ.infraestructuras@xunta.es](mailto:civ.infraestructuras@xunta.es)



|         |                    |
|---------|--------------------|
| Frontal | Dorsal ou traseira |
|---------|--------------------|

**.Etiquetado do chaleco:** visible e que conteña os seguintes datos:

- .Nome, marca comercial ou identificación do fabricante ou do seu representante autorizado.
- .Designación do tipo de produto, nome comercial ou referencia.
- .Designación do talle conforme a EN-340.
- .Composición da prenda.
- .Mantemento deste.

**.Nº de unidades por talla:** as que se consideren necesarias



Recibiuse nesta Intervención Delegada con data 28 de marzo de 2017 con nº de entrada 278/DNC 213 , documento contable RC contabilizado relativo ao convenio colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Federación Galega de Ciclismo para o desenvolvemento de actuacións de fomento da seguridade viaria para ciclistas.

| REFERENCIA      | APLICACIÓN<br>ORZAMENTARIA | CÓDIGO<br>PROXECTO | IMPORTE<br>(Euros) | FASE |
|-----------------|----------------------------|--------------------|--------------------|------|
| 2017-08-27876/1 | 08.A1.512B.640.1           | 2013 00003         | 9.000,00           | RC   |

O expediente de gasto consta de:

- Documento contable RC contabilizado
- Informe xurídico de data 15 de marzo de 2017.
- Borrador do convenio visado pola Asesoría Xurídica
- Memoria xustificativa do convenio de data 6 de marzo de 2017.
- Conformidade por parte da Federación Galega de Ciclismo co texto do convenio.

De conformidade co disposto no artigo 97.2 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a orde do 4 de xaneiro de 2010, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de decembro de 2009, no que se establece o sistema de fiscalización limitada previa, o presente informe límitase a comproba-los seguintes extremos:

**Competencias:** De acordo decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas, correspóndelle a Presidenta da Axencia a competencia para a subscrición do convenio de referencia, sen necesidade de autorización previa polo Consello da Xunta, por ser o importe inferior de 150.000 € e non asumir a Xunta de Galicia compromisos económicos de carácter plurianual ao abeiro do disposto na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

**Idoneidade do gasto:** A aplicación orzamentaria considéranse correcta.

**Informe da Asesoría Xurídica:** Achégase informe favorable de 15 de marzo de 2017.


**Memoria económica:** A memoria xustificativa inclúe unha referencia ao contido económico do convenio.

Polo exposto, esta Intervención Delegada emite **INFORME FAVORABLE** en trámite de fiscalización limitada previa, sen prexuízo do posterior exame que, a posteriori, poida corresponder.



Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017.  
O interventor delegado

Emilio Escuredo Cascón



|                                           |
|-------------------------------------------|
| EXERCICIO CONTABLE<br>2017                |
| CONTABILIDADE DO<br>PRESUPUESTO DE GASTOS |
| EXERCICIO CORRENTE                        |

|                                                                                                                       |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>RC</b><br>(2030)                                                                                                   |
| RETENCIÓN DE CRÉDITO                                                                                                  |
| <input checked="" type="checkbox"/> PRINCIPAL <input type="checkbox"/> COMPLEMENTARIA<br>N° OPERACIÓN DE PROCEDENCIA: |
| EXPEDIENTE: SC/17/044.03                                                                                              |

|                                      |               |
|--------------------------------------|---------------|
| N° REFERENCIA:<br>2017 - 08 - 27876  | ÍNDICE:<br>1  |
| ÍNDICE DO XESTOR:<br>000000000219309 |               |
| TIPO: 311                            | ACTUACIÓN: 10 |

SECCIÓN:

08

**AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**


|                                     |                 |                         |                  |                 |                 |                |
|-------------------------------------|-----------------|-------------------------|------------------|-----------------|-----------------|----------------|
| N° APLICACIÓN-PROXECTOS: 1          |                 | IMPORTE TOTAL: 9.000,00 |                  |                 |                 |                |
| <u>ORGÁNICA</u>                     | <u>C. TERR.</u> | <u>FUNCIONAL</u>        | <u>ECONÓMICA</u> | <u>PROXECTO</u> | <u>ELEXIBLE</u> | <u>IMPORTE</u> |
| 08-A1                               |                 | 512B                    | 640.1            | 2013 00003      | N               | 9.000,00       |
| IMPORTE: (en letra): NOVE MIL EUROS |                 |                         |                  |                 |                 |                |

**DESCRIPCIÓN DA OPERACIÓN:**

Convenio AXI- Federacion Gallega Ciclismo "desenvolvemento actuacións de fomento da seguridade viaria para ciclistas"

**CERTIFICO:** Que, para as aplicacións que figuran neste documento, existe saldo dispoñible, quedando retido o importe que se reseña

O Director da Axencia Galega Infraestruturas


**DATA:** 16 de marzo de 2017

**SENTADO NO DIARIO DE OPERACIÓNS:**
**DATA:**

24/03/2017

**N° OPERACIÓN:**

10 - 2017 - 08 - 20 - 000863



Asunto: convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Federación Galega de Ciclismo para o desenvolvemento de actuacións de fomento da seguridade viaria para ciclistas.

Trátase dun convenio de colaboración entre administracións públicas, como tal excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, artigo 4.1.c), aínda que lle sexan de aplicación as súas normas con carácter supletorio e integrador, artigo 4.2.

Efectivamente, enténdese que é este un interese común das partes á consecución dos fins de convenio, o cal exclúe o seu carácter contractual. Tampouco o ten carácter subvencionador.

En canto ao seu obxecto constitúeo segundo a cláusula primeira o establecemento das bases para a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Federación Galega de Ciclismo para o desenvolvemento de actuacións de fomento da seguridade viaria para ciclistas, con especial incidencia na mellora da súa visibilidade no seu tránsito polas estradas.

En canto ao seu contido a federación repartirá os chalecos e publicitará as actuacións segundo o previsto na cláusula segunda.

A Axencia Galega de Infraestruturas achegará a cantidade de 9.000 euros.

A Axencia Galega de Infraestruturas é competente na materia, e o contido do convenio en definitiva axústase aos seus fins.


Polo demais, o texto reúne os requisitos adxectivos que lle son propios

Infórmase favorablemente

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

O letrado da Xunta de Galicia. Asesor xurídico

Javier Alvarez Lopez





## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓN DE FOMENTO DA SEGURIDADE VIARIA PARA CICLISTAS

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2017

### REUNIDOS

Dunha parte, Ethel Ma Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestructuras, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras.

Doutra parte, Juan Carlos Muñiz Nieto, presidente da Federación Galega de Ciclismo, facultado para a formalización deste convenio en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 17 dos seus estatutos.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

### EXPOÑEN

**Primeiro.** A Axencia Galega de Infraestructuras ten entre os seus obxectivos o impulso, a coordinación e a xestión da política autonómica en materia de estradas. Para tales efectos, e de acordo co artigo 7.1.p) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras, entre as súas funcións e competencias está o impulso, promoción e coordinación das estratexias de seguridade viaria.

**Segundo.** O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2010 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, contemplando entre as súas accións a mellora da seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables, entre eles os ciclistas. E como obxectivo estratéxico 4 conseguir



uns usuarios máis seguros no seu tránsito polas estradas, o que abrangue a súa sensibilización e educación en seguridade viaria.

**Terceiro.** A Federación Galega de Ciclismo ten coma fins a dirección, defensa e promoción do ciclismo en tódalas súas formas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e entre as súas funcións establécese a de colaborar coas administracións públicas e coa Real Federación Española de Ciclismo, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción do ciclismo.

**Cuarto.** A Federación Galega de Ciclismo conta cunha grande capacidade de interlocución e difusión no colectivo ciclista galego, e máis directamente cos 262 clubs ciclistas de Galicia e cos 7.000 ciclistas federados a día de hoxe .

**Quinto.** En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Federación Galega de Ciclismo. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Federación Galega de Ciclismo para o desenvolvemento de actuacións de fomento da seguridade viaria para ciclistas, con especial incidencia na mellora da súa visibilidade no seu tránsito polas estradas.

### **SEGUNDA. COMPROMISOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO**

A Federación Galega de la Ciclismo comprométese ao reparto dos chalecos con elementos reflectores entre os/as ciclistas. Os chalecos terán as características



descritas no anexo deste convenio, e levarán impreso o logo da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no manual de identidade corporativa.

A Federación publicitará esta iniciativa na súa páxina web, de modo que se acade a máxima difusión posible.

### TERCEIRA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestructuras, asume o compromiso de adquirir os chalecos reflectores que serán distribuídos pola Federación Galega de Ciclismo, destinando para iso ata un máximo de **NOVE MIL EUROS (9.000,00 €)**, IVE incluído, con cargo aos orzamentos do ano 2017, aplicación 07.A1.512B.640.1, código de proxecto 2013-00003.

### CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Axencia Galega de Infraestructuras e un representante da Federación Galega de Ciclismo. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para o seu desenvolvemento.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.



## QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido no presente convenio e, supletoriamente, polos principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, consonte o establecido no artigo 4.2 da antedita lei e a Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

## SEXTA.-MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante "addenda", cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

## SETIMA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancia, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola presidenta da Axencia Galega de Infraestructuras, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción deste convenio:

- non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de resolución do convenio.



## OITAVA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e maillo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). A Axencia Galega de Infraestructuras publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da aportación.

## NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efecto dende a súa sinatura ata o 31.12.2017.

En proba de conformidade asinan por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento

A presidenta da Axencia Galega de  
Infraestructuras

O presidente da Federación Galega de  
Ciclismo

Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle

Juan Carlos Muñiz Nieto



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA SEGURIDADE VIARIA PARA CICLISTAS**

### **1. Antecedentes**

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos o impulso, a coordinación e a xestión da política autonómica en materia de estradas. Para tales efectos, e de acordo co artigo 7.1.p) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas, entre as súas funcións e competencias está o impulso, promoción e coordinación das estratexias de seguridade viaria.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2010 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, contemplando entre as súas accións a mellora da seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables, entre eles os ciclistas.

A Federación Galega de Ciclismo, ten como fins a dirección, defensa e promoción do ciclismo en todas as súas formas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e entre as súas funcións establécese a de colaborar coas administracións públicas e coa Real Federación Española de Ciclismo, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción do ciclismo.

### **2. Razóns de necesidade e oportunidade**

As circunstancias resumidas nos antecedentes anteriores, fan que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestrutura contribúa a distribución de elementos reflectores entre as persoas máis vulnerables englobándose dentro da acción 2.7 "Mellora da seguridade viaria dos usuarios vulnerables" do obxectivo estratéxico 2 do Plan de Seguridade Viaria 2016-2020.



A finalidade común é o reparto de chalecos reflectores entre os/as ciclistas que transitan polas estradas sen facer uso deste tipo de prendas, necesarias para seren visibles, co fin de que tomen conciencia da importancia de que se dean a ver aos/ás condutores/as dos vehículos que circulan pola vía e evitar así atropelos e accidentes.

### **3.- Impacto económico**

O custe total da actuación estímase en NOVE MIL EUROS (9.000,00 €), IVE engadido, con cargo aos orzamentos do ano 2017, aplicación 07.A1.512B.640.1, código de proxecto 2013-00003, sendo asumido na súa totalidade pola Axencia Galega de Infraestructuras.

### **4.- Carácter non contractual**

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestructuras e a Federación Gallega de Ciclismo e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

### **5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público**

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

O director da Axencia Galega  
de Infraestructuras



Francisco Menéndez Iglesias



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE  
INFRAESTRUTURAS E A FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO PARA O  
DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA SEGURIDADE VIARIA  
PARA CICLISTAS**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras (AXI) ten previsto formalizar coa Federación Galega de Ciclismo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases para a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e a Federación Galega de Ciclismo para o desenvolvemento de actuacións de fomento da seguridade viaria para ciclistas, con especial incidencia na mellora da súa visibilidade no seu tránsito polas estradas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Axencia Galega de Infraestructuras ten entre os seus obxectivos o impulso, a coordinación e a xestión da política autonómica en materia de estradas. Para tales efectos, e de acordo co artigo 7.1.p) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras, entre as súas funcións e competencias está o impulso, promoción e coordinación das estratexias de seguridade viaria.





O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2010 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, contemplando entre as súas accións a mellora da seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables, entre eles os ciclistas. E como obxectivo estratéxico 4 conseguir uns usuarios máis seguros no seu tránsito polas estradas, o que abrangue a súa sensibilización e educación en seguridade viaria.

A Federación Galega de Ciclismo, que conta cunha grande capacidade de interlocución e difusión no colectivo ciclista galego, ten coma fins a dirección, defensa e promoción do ciclismo en tódalas súas formas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e entre as súas funcións establécese a de colaborar coas administracións públicas e coa Real Federación Española de Ciclismo, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción do ciclismo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 24 de febreiro de 2017

